

Uns cociñeiros especiais



Vas seguir preparándote para ser un magnífico “chef”.



Esta vez, precisas abrir o libro de Sociais na **unidade 6**. É importante que recoñezamos o importante traballo que realizan as persoas que traballan nos sectores: primario, secundario e terciario.

Grazas a eles enchemos a despensa das nosas cociñas.

Comezamos?

A aldea de Gloria

Gloria ten 9 anos e vive en Fontefría, unha aldea de montaña moi pouco poboada.

Na aldea hai poucos nenos da súa idade. O seu avó di que non sempre foi así, xa que cando el era pequeno había máis habitantes e moitos nenos, pero que a xente foi emigrando ás grandes cidades en busca de traballo.

Actualmente na vila non hai colexio e Gloria ten que desprazarse todos os días a un municipio próximo para ir á clase.



1- A poboación de Fontefría cambiou moito durante os últimos anos. Observa os gráficos e contesta.



• Que datos se poden consultar nestes gráficos? Marca.

- Os inmigrantes que había en Fontefría no ano 1945.
- Como cambiou a poboación por grupos de idade en Fontefría entre os anos 1945 e 2011.
- Como cambiou a poboación por sexos en Fontefría entre os anos 1945 e 2011.

- Que ocorreu na aldea de Gloria coa poboación nova entre 1945 e 2011?

Marca.

- A poboación nova aumentou. A poboación nova diminuíu.

- Que grupo de poboación aumentou entre 1945 e 2011? Marca.

- A poboación nova. A poboación adulta. A poboación anciá.

- Cal é o grupo de poboación máis numeroso na actualidade en Fontefría?

Marca.

- A poboación nova. A poboación adulta. A poboación anciá.

- Explica por que moitas persoas marcharon da aldea de Fontefría para vivir nas cidades.

- 2- Gloria vive con seus pais e súa irmá Laura. Tamén ten un curmán máis vello que traballa na capital da súa Comunidade Autónoma. Le os seguintes datos e, despois, marca na táboa segundo corresponda.



O seu pai ten 50 anos e dedícase á cría de aves nunha granxa.



A súa nai ten 48 anos e traballa como caixeira no supermercado da aldea.



A súa irmá Laura ten 19 anos e traballa na farmacia da aldea.



O seu curmán Luís ten 25 anos e vive na capital. Traballa nunha fábrica de automóbiles.

	Segundo a idade			Segundo onde vive		Segundo o traballo que realiza		
	Nova	Adulta	Anciá	Rural	Urbana	Primario	Secundario	Terciario
Pai de Gloria		X						
Nai de Gloria								
Laura								
Luís								

Pasamos de pensar *en cociñar* a que *es o traballador dunha empresa farmacéutica*. Hai unha tarefa, na **páxina 88** do teu **libro**, que é moi apropiada para o *momento tan especial que estamos a vivir*. É a **número 3**. Comeza así **"TOMA A INICIATIVA"**.



O **TRABALLO AVALIABLE** DESTA SEMANA CONSISTE EN QUE **ESCRIBAS, NUNHA FOLLA, ESA ACTIVIDADE**, A ESCANEES OU FAGAS UNHA FOTO E **A ENVÍES**. RECORDA **POÑER: NOME E MATERIA**

Para rematar, *que che pareceu* a tarefa **A aldea de Gloria?** Aínda que **non debas enviala**, *confío que a realices e a gardes*.

SOLUCIÓNS

- Que datos se poden consultar nestes gráficos? Marca.
 - Os inmigrantes que había en Fontefría no ano 1945.
 - Como cambiou a poboación por grupos de idade en Fontefría entre os anos 1945 e 2011.
 - Como cambiou a poboación por sexos en Fontefría entre os anos 1945 e 2011.
- Que ocorreu na aldea de Gloria coa poboación nova entre 1945 e 2011? Marca.
 - A poboación nova aumentou. A poboación nova diminuíu.
- Que grupo de poboación aumentou entre 1945 e 2011? Marca.
 - A poboación nova. A poboación adulta. A poboación anciá.
- Cal é o grupo de poboación máis numeroso na actualidade en Fontefría? Marca.
 - A poboación nova. A poboación adulta. A poboación anciá.
- Explica por que moitas persoas marcharon da aldea de Fontefría para vivir nas cidades..... R. M. Porque emigraron ás cidades en busca de traballo.

	Segundo a idade			Segundo onde vive		Segundo o traballo que realiza		
	Nova	Adulta	Anciá	Rural	Urbana	Primario	Secundario	Terciario
Pai de Gloria		x		x				x
Nai de Gloria		x		x				x
Laura		x		x				x
Luís		x			x		x	